



Concello de Sarria

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PROFESORES/AS PARA A IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DOCENTES MUSICAIS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE SARRIA (CURSO 2021/2022) E A ELABORACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A MESMA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

A presente convocatoria efectúase para cubrir as prazas que se atopan vacantes no cadro de persoal laboral da Escola de Música deste Concello.

Mediante contrato de duración determinada seleccionaranse varios profesores/as para a impartición de clases de música na Escola de Música do Concello de Sarria durante o curso escolar 2021/2022, e crearase unha bolsa de emprego para a mesma, para atender ás tarefas que se definan no desenvolvemento das correspondentes actividades, durante o período comprendido entre setembro de 2021 e xuño de 2022, conforme se concreta a continuación.

O contrato terá efectos dende a data que fixe o Alcalde-Presidente na resolución que autorice a contratación.

A xornada laboral será a tempo parcial e unha duración semanal proporcional o nº de alumnos por especialidade.

As especialidades a cubrir son as seguintes:

Profesor/a de piano
Profesor/a de música en movemento
Profesor/a de clarinete/saxofon
Profesor/a de coro
Profesor/a de frauta.

Tanto o número de horas como a súa distribución poderá ser modificada en función do número de alumnos existentes en cada momento de vixencia do respectivo contrato, así como pola necesidade de adecuar as diferentes clases ou actividades en función dos niveles ou grupos de alumnos/as á obtención dun mellor rendemento académico.

En función das matrículas realizadas, e dicir, sempre que haxa un número suficiente de alumnos, poderase ampliar o número de especialidades impartidas na Escola de Música de Sarria.

2.- FUNCÍONS.-

As propias de Profesor de música, con dedicación ás especialidades aludidas, segundo as necesidades da Escola e programación anual, e en concreto, sen carácter exhaustivo, as seguintes:

- a) Clases de instrumento, en cada unha das especialidades sinaladas.
- b) Participar nas demostracións didácticas, actividades varias ou nos concertos programados pola Escola, así como colaborar coas actividades programadas pola Banda.





Concello de Sarria

c) Impartir as clases de música de conxunto, ou seccionais da especialidade, que no seu caso poidan existir.

d) Desenvolver a totalidade das anteriores funcións así como calquera outra que se estableza baixo a coordinación inmediata do Director das actividades docentes musicais do Concello.

3.- REQUISITOS.-

Poderán optar a estas prazas os que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos.
- c) Estar en posesión da titulación esixida:

Para as especialidades de clarinete/saxo, estar en posesión do título de Grado Superior ou Grado medio de conservatorio en clarinete ou saxofón, admitíndose tamen estar no último curso de Grao medio de conservatorio.

Para a especialidade de piano será preciso estar en posesión do título de Grado Superior ou Grado Medio en piano, admitíndose tamén estar no último curso de grado medio de conservatorio.

Para a especialidade de música en movemento será preciso estar en posesión do título de Técnico superior en Educación Infantil, grao en Mestre de educación infantil ou grao en Mestre de educación musical.

Para a especialidade de coro, estar en posesión do título de Licenciado/a en coro.

Para a especialidade de fruta será preciso estar en posesión do título de Graduado Superior ou Grado Medio de conservatorio, admitíndose tamén estar no último curso de Grado Medio de conservatorio.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ser separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

f) Non acharse inculco nalgún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidas na lexislación vixente.

g) Aceptar as bases da convocatoria e comprometerse a desenvolver a función e tarefas propias do posto de traballo.

h) Os requisitos mencionados deberán posuírse polo menos o día en que finalice o prazo de presentación de instancias.

4.- SOLICITUDES.-

As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO I desta convocatoria e que será facilitado ós interesados nas oficinas xerais do concello, así como na páxina www.sarria.es e na sede electrónica deste concello (sarria.sedelectronica.es) e dirixiranse o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, presentarase no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Sarria, de 9 a 14 horas, no prazo de CINCO DÍAS NATURAIS dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Nas devanditas solicitudes, farase constar que se reúnen todos





Concello de Sarria

e cada un dos requisitos antes enumerados, acompañarase:

- Identificación persoal, domicilio e teléfono.
- Declaración de non acharse incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade.
- Declaración de aceptación das bases e desenvolvemento das funcións.
- Fotocopia do DNI.
 - Fotocopia títulos académicos
- Programación Didáctica elaborada para a especialidade a que se presenta.

No caso de presentación de instancias a través de rexistro público oficial distinto do Rexistro Xeral do Concello de Sarria haberá de comunicarse a participación no presente concurso a través do fax nº982-530916

5. ANUNCIO CONVOCATORIA.-

Publicaranse anuncios no taboleiro de edictos do Concello, Portal de Transparencia e no Boletín Oficial da Provincia .

6.-. MÉRITOS.-

Valoraranse conforme aos seguintes criterios:

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.- (40 puntos)

- Por desenvolvemento de actividade docente musical en Organismo Educativo público ou privado ou ben nalgunha escola de música municipal ou coral municipal, **0,33 puntos por mes cun máximo de 20 puntos.**

A acreditación deberá realizarse mediante certificacións oficiais ou informes descritivos do tempo e funcións desenvolvidas (certificados administrativos, informes, vida laboral, contratos administrativos, contratos laborais ou similares).

- Por pertencer a calquera banda de música ou coral musical, incluída a banda de música de Sarria ou coral do Concello de Sarria **0,33 puntos por mes cun máximo de 20 puntos.**

A acreditación da pertenza a banda ou coral deberá realizarse mediante informe do Director da Banda ou Coral.

B.- PROBA PRÁCTICA. (60 puntos). Consistirá en 2 probas:

- 1) Defensa e exposición de unha PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA da materia a ensinar en cada especialidade, elaborada previamente polos aspirantes e presentada como documentación obligatoria.

O tribunal podera realizar aos opositores preguntas de carácter técnico sobre a unidade didáctica, ben para resolver calquera dúbida que lle poida xurdir en relación a súa exposición ou ben para comprobar os coñecementos do aspirante sobre a mesma.

A unidade didáctica será valorada no seu conxunto (contido, exposición,





Concello de Sarria

respostas as preguntas do tribunal) aplicandolle unha puntuacion maxima de **30 puntos**

2) Interpretacion de unha peza musical de libre eleccion de duracion non inferior a 2 minutos nin superior a 4, aplicandolle unha puntuacion maxima de **30 puntos** (os aspirantes as prazas de 2 instrumentos, deberán interpretar unha peza de cada instrumento). Cada aspirante deberá presentar un mínimo de tres copias da peza elixida.

7.- TRIBUNAL. -

O Tribunal cualificador estará integrado por un presidente, tres vocais e un secretario que seran designados por resolucion de Alcaldia, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Basico do Empregado Publico.

Poderase dispoñer a incorporación aos traballos do Tribunal de asesores especialistas, quen colaborarán exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Para constituírse e actuar haberán de estar presentes, polo menos, a metade máis un dos membros do Tribunal, os cales realizarán os seus cometidos mediante o exercicio de voz e voto, a excepción do Secretario que, polas súas funcións, carecerán deste último.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias suscítense durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura das prazas convocadas.

8.- PROCESO SELECTIVO.-

Finalizado o período de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución coa aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos/as e no seu caso, excluídos/as, con indicación da causa da exclusión e o prazo de subsanación dos erros subsanables.

Transcorrido devandito prazo, as reclamacións, se as houberse, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución de Alcaldía, a cal conterá a lista definitiva de admitidos/as, lugar, data e hora en que se realizará a valoración de méritos e entrevista curricular.

No entanto, se en calquera momento posterior á aprobación das listas definitivas, ou durante a celebración das probas, advertíse nas solicitudes dos aspirantes inexactitude ou falsidade que fose causa de expulsión, esta considerarase defecto insubsanable e resolverase a exclusión definitiva do proceso selectivo.

O resultado da valoración, por orde de puntuación, publicarase no Tablón de Edictos Municipal e na páxina WEB.

En caso de empate e non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes procederase a desempatar mediante sorteo público.

9.- BOLSA DE EMPREGO.-





Concello de Sarria

As persoas que superen as probas selectivas pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características para cubrir o posto no caso de que este quede vacante poda recorrer á citada bolsa como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- b) Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- c) Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- d) Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- e) Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non acadasen unha puntuación superior á metade da cualificación máxima posible. Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 4 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

Se fose necesario acudir á bolsa, a modalidade contractual que se empregará para contratar dito persoal para os tres primeiros dos supostos descritos será de interinidade, polo tempo que dure a ausencia do/a traballador/a substituído/a con dereito a reserva do posto de traballo, e para os últimos dos supostos utilizarase o contrato de servizo determinado ou eventual por circunstancias da produción, respectándose en todo caso, o establecido no artigo 1 das presentes bases en canto a duración máxima do contrato.

A duración desta bolsa será a da duración do contrato do concursante seleccionado.

10.- CONTRATACIÓN.-

O Tribunal propoñerá á Alcaldía a contratación da persoa que teña maior puntuación.

O aspirante seleccionado presentará no prazo de 2 días, a contar do seguinte publicación do resultado da selección, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública nin acharse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.





Concello de Sarria

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Unha vez aportados os mesmos, a contratación efectuarase no prazo máximo de 5 días O Calendario de Vacacións será con datas axustadas ao calendario escolar (Nadal, Semana Santa,...).

11.- CLÁUSULA ADICIONAL.-

No suposto que non se presenten peticións para algunhas das prazas ofertadas estas bases seguirán vixentes, sendo suficiente para cubrir calquera praza un aviso (no Taboleiro de anuncios deste Concello) cun prazo perentorio para presentar as solicitudes.

O Concello resérvase a posibilidade de que se algunha praza non teña solicitudes poida atenderse cunha redistribución de horas entre os aspirantes seleccionados.

O Concello resérvase a posibilidade de dilucidar aquelas dúbidas que puidesen xurdir no desenvolvemento desta convocatoria.

12.- CLÁUSULA FINAL.- RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos deriven da mesma se impugnarán cos medios e forma previstos na vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.

- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.





Concello de Sarria

ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE CONTRATACIÓN DE PROFESORES/AS PARA A IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DOCENTES MUSICAIS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE SARRIA PARA O CURSO 2021/2022.

I.- DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO PROVINCIA	ECÓDIGO POSTAL

EXPOÑO:

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ser cidadán da Unión Europea.
 - b) Ter cumpridos 16 anos.
 - c) Estar en posesión da titulación esixida
 - d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
 - e) Non ser separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
 - f) Non acharse inculco nalgún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidas na lexislación vixente.
 - g) Aceptar as bases da convocatoria e comprometerse a desenvolver a función e tarefas propias do posto de traballo.
 - h) Os requisitos mencionados deberán posuírse polo menos o día en que finalice o prazo de presentación de instancias.
- 2º.- Que me comprometo no caso de ser seleccionado/a a dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e a incorporarme o correspondente posto de traballo.

3º.- Que aporto todos os documentos que se ralacionan no apartado 4 das presentes bases.

4º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:





Concello de Sarria

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes a especialidade:

- -

(De acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade do Concello de Sarria, ca finalidade de atender a súa solicitude. Vostede consinte o tratamento dos seus datos e do mesmo xeito pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose as nosas oficinas coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.)

Sarria, a de de

(Asinado)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA (LUGO)





Concello de Sarria

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....
Provisto/a de D.N.I. nº..... con endereço na
R/..... nº..... piso.....
C.Postal..... Localidade.....
Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo, e que acreditarei fehacemente se o Concello o require.
- Que acepto as bases e o desenvolvemento das funcións propias do posto o que opto.
- Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Sarria a.....de.....de 2021

Asdo:

